



## PROPOSTA RESOLUCIÓN DEFINITIVA DA CONVOCATORIA BOLSAS EXCELENCIA MOCIDADE EXTERIOR, CO FIN DE CURSAR ESTUDOS DE MÁSTER QUE SE INICIEN NO CURSO 2019/20 NUNHA UNIVERSIDADE GALEGA

Por resolución do 11 de febreiro de 2019, da Secretaría Xeral da Emigración, aprobáronse as bases reguladoras e procedeuse á convocatoria de 150 bolsas excelencia mocidade exterior, co fin de cursar estudos de máster que se inicien no curso 2019/20 nunha universidade galega (DOG nº 39 do 25 de febreiro).

Segundo o artigo 13 da resolución da convocatoria, a Subdirección Xeral de Xestión Económico - Administrativa e do Retorno é o órgano competente para a instrución do procedemento de concesión das bolsas.

Nesta convocatoria presentáronse un total de **423 solicitudes**, que unha vez examinadas coa documentación presentada e rematado o prazo de emenda ou de presentación de documentación preceptiva, acadouse o seguinte resultado:

- **297** solicitudes que **cumpren os requisitos** establecidos na convocatoria
- **126** solicitudes que **non cumplen requisitos ou non emendaron a solicitude**.

Nos artigos 14 e 15 da resolución da convocatoria, establecécese a comisión de valoración como o órgano colexiado encargado de avaliar as solicitudes que cumplen os requisitos establecidos na convocatoria, a súa composición, os criterios de avaliación e que emitirá un informe no cal se concretará o resultado da avaliación efectuada e establecerá unha orde das persoas solicitantes segundo as puntuacións outorgadas, no que se recollerá unha lista cun máximo de 300 persoas solicitantes que quedaron clasificadas nas primeiras posicións e que continúan no proceso de selección.

Con data 19 de xuño de 2019, a comisión de valoración elaborou un informe no cal se concretou o resultado da avaliación efectuada das **297 solicitudes** que cumplen os requisitos establecidos na convocatoria e no que se recolle unha lista ordenada segundo as puntuacións outorgadas.

De acordo co establecido no artigo 16 da convocatoria, á vista do expediente e do informe da comisión avaliadora, o órgano instrutor formulará a proposta de resolución definitiva coas listas de persoas admitidas, suplentes e excluídas.

Polo exposto, formulóse o seguinte,

### PROPOSTA:

Primeiro.- Declarar como **admitidos definitivos aos 150 candidatos** que obtiveron a maior puntuación, que constan no Anexo I.



Segundo.-Declarar como **suplentes aos seguintes 147 candidatos** segundo a orde de puntuación obtida, que constan no Anexo II.

Terceiro.- Declarar como **excluídos aos 126 solicitantes** desta convocatoria de bolsas que non cumplen requisitos ou non emendaron a solicitude no prazo establecido, que constan no Anexo III.

De conformidade co disposto no artigo 16.1 da resolución de convocatoria, as persoas interesadas disporán dun prazo de cinco (5) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación desta proposta na web da Secretaría Xeral da Emigración para que presenten as alegacións oportunas.

Así mesmo, a partir do día seguinte ao desta publicación, as persoas que figuran na lista de admitidos definitivos e na de suplentes, teñen de prazo ata o día 9 de agosto de 2019, ás 23:59 horas (hora peninsular española), para acreditar estar matriculadas nun máster dos recollidos no anexo I, mediante a achega do xustificante de matrícula.

As 150 persoas da lista de admitidos definitiva, sempre que acrediten estar matriculadas nun máster dentro do prazo sinalado no parágrafo anterior, pasarían a ser beneficiarias da bolsa. Do mesmo xeito, as persoas que figuran na lista de suplentes, sempre que acrediten estar matriculadas neste mesmo prazo, poderían chegar a ser adxudicatarias da bolsa no caso de que houbera vacantes porque persoas da lista de admitidos definitiva non se matriculasen.

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2019

Subdirector Xeral de Xestión Económico Administrativa e do Retorno



José Carlos García Bouzas